



Marzo de 2022

# A presión inmobiliaria ameaza o emblemático Casino de Carballo

A especulación pon en xaque a un dos poucos edificios históricos que quedan en pé na localidade: un xuízo decidirá cal é o seu futuro

O Casino de Carballo, un dos últimos inmobles históricos que quedan en pé na capital de Bergantiños, está en perigo. Nunha vila que medrou ao abeiro do caos urbanístico dos anos 60 e 70, de novo a especulación inmobiliaria está a piques de

acabar cun dos símbolos da vila. Un pequeno edificio en aparencia, pero que, ademais do seu valor patrimonial indudable, é o motor dunha entidade social e cultural que está a piques de cumprir un século e que nos últimos catro anos ten de-

mostrado que está máis viva ca nunca. Un xuízo decidirá se seguirá sendo un espazo para o desenvolvemento cultural e social para toda a veciñanza ou se será derrubado para construír un moderno bloque de edificios.

PÁX. 2

## As claves

Unha entidade inmobiliaria espera derrubar o edificio e construír novos bloques de vivendas



Parte da nova directiva

Nos últimos catro anos unha nova directiva tenlle dado novos azos á Sociedade Cultural que ocupa o Casino



Interior do edificio.

Un xuízo decidirá cal é o futuro dun dos últimos edificios históricos que quedan en Carballo



O Casino de Carballo está en pé dende 1925; imaxe de 1929. / CRÓNICAS DE CARBALLO - XAN FRAGA

## A sociedade carballesa xa ten achegado 70.000 € para salvar o edificio

Cando xurdiron as primeiras ameazas para o Casino de Carballo, a resposta da sociedade carballesa non ten precedentes. Ao enterarse de que faían falta 70.000 euros para salvar o edificio, a mobilización foi extraordinaria. Nun prazo récord socios, socias e veciñanza en xeral uniron forzas para conseguir os cartos necesarios. Dende a directiva da entidade elaborouse un sistema de doazóns e préstamos a través do que cada persoa achegou a

cantidade que puido ou quixo, con importes que foron dos 5 aos 4.000 euros. En tan só dez días acadáronse máis dos 70.000 euros precisos. Ademais, o pasado 7 de febreiro comezou a campaña "Salva o Casino", á que pode sumarse toda a veciñanza. Xa só nos primeiros días, centos de persoas compartiron e apoiaron a mensaxe que se lanzou dende a entidade e moitas outras déronse de alta como socias.

PÁX. 3.

## Por que salvalo...

### Razón nº 1

É un dos poucos edificios históricos e de uso público que quedan en Carballo e un símbolo para a vila

### Razón nº 2

Simboliza a unión popular para defender o patrimonio cultural, social e histórico de Carballo

### Razón nº 3

É un espazo interxeracional. Reúne a persoas de distintas idades que aprenden unhas das outras

### Razón nº 4

Para paliar a desfeita urbanística que sufriu Carballo durante a segunda metade do século pasado

### Razón nº 5

Porque é un refuxio no que ter acubillo e un espazo multi cultural e aberto

### Razón nº 6

Porque é unha cuestión de xustiza...



Vista actual do exterior do edificio do Casino, en pé dende o ano 1925. / RB

# O Casino de Carballo, en perigo de desaparecer despois dun século de historia

Un litixio xudicial enfronta os intereses dunha entidade inmobiliaria co traballo desinteresado dunha sociedade cultural e de lecer e coa cidadanía dunha vila que non quere perder outro edificio histórico

**REDACCIÓN / Carballo**

O Casino de Carballo, un dos últimos inmobles históricos que quedan en pé na capital de Bergantiños, está en perigo. Nunha vila que medrou ao abeiro do desordenado crecemento urbanístico dos anos 60 e 70 e na que o cemento está espallado polas rúas como as árbores nun monte, de novo a especulación inmobiliaria está a piques de acabar cun dos seus símbolos. Un pequeno edificio en aparencia, pero que, ademais do seu valor patrimonial, é o motor dunha entidade social e cultural que ten a súa sede no edificio do Casino dende hai cerca de 100 anos.

Un xuízo que terá lugar ao longo deste 2022 decidirá se seguirá sendo un espazo para o

desenvolvemento cultural e social da vila e un dos poucos símbolos urbanísticos que lle quedan a Carballo, ou se será derrubado para edificar un moderno bloque de edificios máis, similar a calquera do resto da vila.

Porén, a loita para defender o Casino aínda non acabou. remóntase a varios anos atrás e conta co apoio de toda unha vila que se uniu cun obxectivo común e que segue unida para continuar a defender o patrimonio histórico e social de Carballo.

Se facemos un pouco de historia, vemos que a Sociedade Cultural trasladouse ao emprazamento actual como arrendataria do edificio no ano 1925. Ao longo da súa historia, con altos e baixos e pasando polas distintas circunstancias sociais e

políticas que foron evolucionando xunto coa sociedade carballesa, sempre ten sido un edificio ligado á actividade cultural e social da vila.

**O ano 2018: data clave**

Xa avanzado o século XXI, e logo de varios cambios na directiva, foi en 2018 cando un grupo de persoas se uniu para darlle un novo pulo ao Casino e acadar que seguise sendo o que sempre foi: un dos centros neurálxicos da cultura da vila, agora con máis forza ca nunca. Un lugar aberto ao pobo.

Pero foi xusto nese intre cando xurdiron as dificultades. Poucos meses despois de que a nova directiva botara a andar, no mes de agosto, cando toda a cidadanía está de vacacións e as xestións administrativas e xudiciais son case imposibles,

saíu por primeira vez á luz que o edificio fora adquirido en 2005 por unha sociedade inmobiliaria denominada Horta do Casino SL por un importe de 70.000€, un feito que nunca antes fora comunicado de forma oficial. Como a lei permite que os arrendatarios dun edificio exerzan a súa opción preferente de adquisición do inmovible fronte a outros posibles compradores a través do dereito de retracto, a directiva decidiu poñerse en marcha inmediatamente para exercer ese dereito que lle fora denegado no 2005. Así, comezou unha campaña para reunir os 70.000 euros nos que estaba escriturado o edificio.

A resposta da sociedade carballesa non ten precedentes. Nun prazo récord socios, socias e veciñanza en xeral uniron forzas para conseguir os cartos necesarios para exercer o dereito de retracto. Dende a directiva elaborouse un sistema de doazóns e préstamos a través do que cada persoa achegou a cantidade que puido ou quixo, con cantidades que foron dos 5 aos 4.000€. En tan só dez días acadáronse máis dos 70.000€ precisos.

**A cidadanía foi quen de reunir 70.000 euros para salvar o Casino**

**Novos atrancos**

Porén, cando parecía que a situación estaba controlada, unha nova notificación dos

propietarios, Horta do Casino SL, informaba de que o importe sinalado na escritura de compra fora un “erro”, e que o prezo do inmovible era, en realidade, de 360.000 euros. Xustifican que esa “confusión” foi provocada polo cambio de pesetas a euros que tivo lugar en decembro de 2002, xa que, aínda que as escrituras datan de 2005, o primeiro acordo de venda cos anteriores donos foi redactado en 2003. En todo caso, o acordo tivo lugar mais de ano e medio despois de terse producido ese cambio de moeda. Tamén manifestan que non teñen un xustificante de pago polo importe de 360.000 euros debido ao tempo transcorrido entre 205 e 2018, tal e como destaca o notario no mesmo burofax.

Ademais de rebater o prezo do inmovible que eles mesmos achegaron nun principio, a sociedade inmobiliaria Horta do Casino SL ten presentado numerosas notificacións para presuntamente dificultar a actividade desenvolvida pola Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños.

Por exemplo, a pesar de que a entidade social leva desenvolvendo a súa actividade dende hai un século, existindo ademais un contrato de 1956 que

ambas partes recoñecen como válido, a inmobiliaria asegurou descoñecer que a Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños era a arrendataria do edificio no momento da compra en 2005. Algo difícil de crer cando sempre foi de coñecemento público e notorio por parte de toda a veciñanza, e cando sempre se pagou puntualmente o aluguer.

#### Obras de mellora

Tamén poñen obxeccións ás obras de reforma realizadas para arranxar certos elementos do edificio que permitiron que puidera continuar coa a súa actividade, como a mellora do ambigú. Aseguraron que esas obras non podían realizarse porque toda a modificación estrutural debe contar coa aprobación dos arrendadores. Porén, calquera pode visitar o edificio e comprobar que non hai modificación estrutural algunha e que as melloras realizadas están permitidas por contrato. Así mesmo, alegan que descoñecían o aluguer do local hostaleiro ben coñecido popularmente como “O bar do Casino”, algo que se ven producindo, tal e como acredita a Sociedade Cultural e sabe todo o pobo, dende moitos anos antes da compra, no 2005.



Salón principal do edificio, reformado hai pouco. / RB

Son só algúns dos asuntos que deberán dirimirse nun litixio xudicial cuxa tramitación se foi retrasando por causa da pandemia da COVID-19, pero que todo apunta a que poderá celebrarse neste ano 2022. Cando eso ocorra, non estará

unicamente en xogo o futuro do Casino 1889.

Estará en xogo o futuro do que Carballo quere ser, a conservación da súa memoria histórica e o seu pulo por seguir sendo un referente cultural e social na contorna.

## Unha cidadanía volcada coa conservación do edificio e coa entidade social que lle dá vida

Se a veciñanza de Carballo respondeu con toda a súa forza en 2018 coa achega dos seus propios fondos para loitar pola conservación do edificio e do seu legado cultural e social, despois de coñecerse por fin a data do xuízo, a cidadanía volve a sumar forzas a prol dunha causa común. O 7 de febreiro deste ano comezou a campaña “Salva o Casino”. Con ela preténdese sensibilizar sobre o valor histórico e cultural do inmovible, así como da importancia de ter un espazo

de encontro na vila. Nos primeiros días da campaña, centos de persoas compartiron e apoiaron a mensaxe que se lanzou dende a organización e moitas outras déronse de alta como socias da entidade. Ademais, está previsto convocar mobilizacións para que a xente teña a oportunidade de seguir expresando o seu apoio para defender unha parte material e inmaterial da historia do pobo. Así mesmo, dende que en 2018 a nova directiva asumiu o

rumbo da Sociedade Cultural e Recreativa do Casino, agora máis coñecida como Casino 1889, a axenda cultural de Carballo ten medrado notablemente. O espazo está dispoñible para actividades culturais de todo tipo, dende clases semanais de danza, a clubs de lectura, concertos, obras de teatro, ciclos de cinema, presentacións de libros, mercadinhos solidarios e, en definitiva, a actividades abertas todas as persoas que queiran facer uso del.

Ademais, moitas persoas da vila participaron con traballo voluntario nas reformas realizadas no edificio para posibilitar a continuidade da súa actividade, levando a achega popular mais aló das achegas económicas: a mellora do ambigú coa substitución do falso teito ou a rehabilitación da espectacular barra de madeira e o pintado do salón e da recepción que estaban moi deteriorados. Todo isto foi posible coa axuda da veciñanza de Carballo. Grazas!

### Cronoloxía

**1889** - Fundación en Carballo dunha asociación denominada Casino Cultural.

**1925** - Inauguración do edificio actual do Casino e mudanza da Sociedade Cultural como arrendataria.

**1956** - Contrato de arrendamento entre os antigos propietarios e a Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños segundo consta na acta dunha asemblea de socios.

**2003** - Acordo privado de venda entre os antigos propietarios, que residen en Madrid, cos veciños de Carballo don Carlos Lamas Álvarez e don Eladio Fraga Lodeiro.

**2005** - Don Carlos Lamas Álvarez e don Eladio Fraga Lodeiro, xunto con outras persoas, constitúen a sociedade inmobiliaria Horta do Casino SL. Escrítese o edificio do Casino a nome da citada inmobiliaria. Non se comunica aos arrendatarios.

**2016 e 2017** - Horta do Casino SL envía dous burofax á Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños tentando dar por extinguido o contrato de arrendamento e solicitando o desaloxo do edificio baixos distintos pretextos. Porén, non se acredita que a inmobiliaria sexa a propietaria do edificio, polo que os intentos non prosperan.

**Marzo de 2018** - A actual directiva asume o control da Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños, arrendataria do Casino.

**Agosto de 2018** - A Sociedade Cultural ten coñecemento por vez primeira de forma fiable do cambio de propiedade do edificio. Horta do Casino SL envía un burofax no que consta a escritura pública de venda por un importe de 70.000 euros.

**Agosto de 2018** - Grazas ás achegas da cidadanía de Carballo reúnen os 70.000 euros necesarios para exercer o dereito de retracto e que a Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños poda adquirir o edificio por ese importe

**Agosto de 2018** - Horta do Casino SL envía un novo burofax no que aseguran que a cantidade real pagada non foi a que consta nas escrituras, senón 360.000€. Afirman que dado o tempo transcorrido non teñen documentos para demostralo

**Setembro de 2018** - Coa presentación das correspondentes demandas comeza o litixio para dirimir o futuro do Casino. O xuízo celebrárase ao longo do ano 2022.



Nos últimos anos rehabilitouse o antigo ambigú que adquiriu nova vida. / CARLOTA VARELA

## Anos de esforzo colectivo para organizar todo tipo de eventos e actividades

Un club de lectura, ciclos de cinema, concertos, obradoiros, bailes de disfraces, festas temáticas, festivais, mercados solidarios, citas para a cativada ou mesmo un grupo de consumo

REDACCIÓN / Carballo

Ao longo da súa historia o edificio do Casino ten acollido todo tipo de actos e eventos. Desde ser sede compartida do Bergantiños Fútbol Club, ata acoller o cotillón de fin de ano máis concorrido da vila. Ao longo dos seus case 100 anos de historia as súas paredes teñen sido testemuñas de amores, leas, solidariedade, festa... en resumo, da vida. Con altos e baixos, con eventos que teñen reflectido as distintas sensibilidades políticas e sociais dos séculos XX e XXI, sempre ten estado aí, vixiando o paso do tempo. É certo que en 2017 estivo a piques de desaparecer por falta de relevo



O Casino acolleu un concerto da banda Zënzar este mesmo 2022. / ROBERTO REY

na directiva. Pero, ás veces, cando parece que as árbores están feridas de morte, xorden

novas pólas que as fan reverdecer. E así ocorreu cando en 2018 unha nova directiva

asumió o control da xa case centenaria Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños para

darlle un novo pulo. Unha nova vida. Nesta nova etapa, o altruísmo e a unión da xente fixo posible a celebración de novas festas, a creación de novos fitos, e tamén a recuperación de vellos costumes. Volveron os bailes de Entroido e de Aninovo. As persoas seguen usando o edificio para ler o xornal...

Pero tamén hai obradoiros de danza contemporánea, ciclos de cinema e documentais, festivais culturais, a Festa Anos 20, concertos de música pop e rock...

Remozáronse as instalacións, recuperouse o ambigú. Nestes momentos loce mellor ca nunca. Nesta galería de fotos podedes comprobalo.



O Casino sempre ten espazo para o baile tradicional. / C. VARELA



O Casino acolle a xente de todas as idades. / REDACCIÓN



Mercadiño solidario. / CARLOTA VARELA



As mascotas tamén son benvidas no Casino. / CARLOTA VARELA



Un das novas citas anuais é a Festa Anos 20. / CARLOS MENDES PEREIRA



Un dos eventos, a Romaría Galician Bizarre. / CARLOTA VARELA



No Casino hai espazo para a cultura, pero tamén para foliadas. / CARLOTA VARELA

O edificio do Casino de Carballo viu nacer outros dous auténticos símbolos da vila: o Bergantiños Fútbol Club e a Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños, polo que as súas historias sempre foron da man. Corría febreiro de 1924 cando se inaugurou. Co tempo, os camiños das dúas entidades foron afastándose, mais non deixaron de causar fondas preocupacións na vila, moitas delas ligadas a diferentes momentos nos que puideron desaparecer por causas económicas, por falta de relevo das directivas ou por ambas. Son interminables os ríos de tinta e as cavilacións arredor das súas andainas. Agora é a Sociedade Cultural, a causa da loita xudicial pola propiedade da sede, a que lle tira o sono ao pobo.

En febreiro de 2018, a irrupción en escena dun pequeno grupo de mozas e mozos da vila, en disposición de asumir a directiva dunha sociedade que estaba ao bordo da desaparición, mudou o rumbo da historia: de repente, a sociedade estaba viva de novo e, como se acostuma dicir, mentres hai vida, hai esperanza.

Non se trataba tanto do que significase para elas o Casino como sociedade, pois non eran socias nin o frecuentaban, senón da necesidade de non permitir que a especulación inmobiliaria engulise irremediabilmente e para sempre un anaco da historia da vila; da historia de cada unha e de cada un deles; da historia de todas. Saídas da nada, aquelas persoas, cheas de motivación polo proxecto que estaba a agromar, entraron no Casino, abrírono ao pobo e verteron nel toda a creatividade e a ilusión que albergaban no seu interior, embarcando desa forma na maior aventura que a súa vila protagonizaría nunca.

Moitas persoas relevantes da sociedade carballesa -e non só- manifestaron naquel momento, e a partir de entón, o seu apoio tanto ao centenario edificio como a ese novo proxecto: membros da corporación municipal, destacados nomes da política e da cultura, da ciencia e representantes do tecido asociativo e cooperativista da comarca. Institucións, cultura e pobo, na medida que cadaquén desexou, colaboraron

## O Casino é Carballo



Os doce membros da actual directiva da Sociedade Cultural e Recreativa

desinteresadamente para que aquilo chegase a bo porto.

### A vila, volcada co edificio

Case 100 anos de historia contemplan o edificio, rehabilitado nos últimos tempos grazas ao traballo de persoas voluntarias, o que dá conta da importancia social que ten adquirido para a vila. Como, se non, podería entenderse que en agosto de 2018 un total de 129 persoas "anónimas", socias e non socias, posibilitasen, coas súas achegas, que se reunisen 80.000€ -entre doazóns e préstamos persoais- para impedir a súa desaparición?

Como, se non, podería entenderse que a xente ofrecese o seu traballo voluntario, o lombo e as mans, para tarefas de rehabilitación que foron desde o desescombros á aplicación de barro nas paredes, pasando pola montaxe do falso teito de madeira, pola impecable restauración das cadeiras, polo decapado, lixado e envernizado da espectacular barra do ambigú ou o pintado do salón e da recepción, gardando sempre o máximo respecto polo deseño orixinal? Cantos casos de semellante unión popular se coñecen, non só en Carballo, senón en toda Galicia ou, mesmo, en todo o Estado?

Hai quen dubida do valor arquitectónico do edificio. Talvez sexa anacrónico e

non cadre no panorama urbanístico actual, mais un edificio centenario non pode xulgarse senón cos ollos da época que o viu nacer. No seu momento, foi un auténtico luxo e agora constitúe practicamente o último vestixio dun pasado urbanístico lustroso que a desfeita da segunda metade do século pasado sepultou baixo o manto da especulación.

Se se pretende ser xusto, haberá que recoñecer que foi o entorno, e non o edificio, o que se degradou, mentres el ficou no seu lugar, case inmutable, sufrindo só algunhas feridas causadas polo mal gusto imposto pola modernidade. Gustos á parte, ninguén poderá poñer en dúbida o seu valor cultural e social, máis cheo de vida que nunca, a pesar de verse diante da máis grande ameaza da súa historia: a especulación inmobiliaria e a piqueta.

Durante moitas décadas, ata a chegada masiva aos fogares de radios e televisores, o vídeo e unha maior facilidade para acceder á prensa e a outras comodidades domésticas, o Casino foi un elemento fundamental do enramado social da vila. A pesar do

diferentes que son as circunstancias, aínda hoxe e talvez máis que nunca, é un auténtico fervedoiro de actividade cultural e social e lugar de confluencia de persoas de todo tipo e condición, de moi diversas idades e con múltiples intereses.

Actualmente, socias e non socias, poden desfrutar no Casino de variadísimas actividades: obradoiros (de guitarra, de pandeireta, de baile), concertos de todos os estilos, presentacións literarias, teatro, proxeccións cinematográficas e ciclos documentais (algúns, como o Galidoc, a camiño xa de ser un nome imprescindible dentro do audiovisual galego), festivais culturais (como o ContraLetras), mercados solidarios, actuacións infantís e festas varias (desde o tradicional Entroido á Festa dos Anos 20 ou Aninovo). Tamén acolle un clube de lectura e un grupo de consumo. Con grande éxito de participación e público, todas están abertas a calquera que queira achegarse e todo feito sempre, por suposto, desde a base da voluntariedade e sen ánimo de lucro.

Desde que, coa chegada da última directiva, o Casino abiru definitivamente as súas portas a toda a sociedade carballesa, conseguiu case triplicar a súa masa social, que continúa a aumentar a cada intre, máis desde que se fixo público que o xuízo tería lugar este ano 2022, mostrando así o seu apoio nun momento tan crucial. Porén,

a influencia actual da entidade na vida da vila chega a moitas máis persoas que simplemente as socias e espera poder seguir crescendo no futuro, ata converterse nun lugar de referencia para a cultura e nun símbolo de resistencia fronte á especulación urbanística.

Temos a absoluta seguridade de que, cando se celebre o xuízo, o pobo volverá a berrar, alto e claro, unha vez máis, que o Casino somos todas e que queremos seguir desfrutando dese edificio emblemático por moitos anos máis.

Soas non podemos, con amigas si!!!

**Case 100 anos de historia pasan por un edificio recentemente rehabilitado**

**Santiago Pazos**

**E**u pertenzo a unha desas xeracións que, xa fose por extracción socioeconómica ou por cuestións ideolóxicas, sempre tivemos receos contra o Casino de Carballo por consideralo a “Institución recreativa” máis clasista e rancia da nosa vila. Unha especie de “couto privado” cuxos socios, (desculpen os ofendidos), non só deixaron podrecer o interior do emblemático edificio, senón que permitiron que un grupo de promotores inmobiliarios, (seguramente carballeses de pro), fixéranse donos do inmoble para especular cos terreos e sacar substanciosos beneficios. Parece que nada do feito é ilegal, pero...

Pero resulta que, coa chegada da Democracia, aquela sociedade carballesa anticuada e reaccionaria, salvo algún nostálgico reduto, foi mudando e adaptándose a unha modernidade na que as relacións sociais non dependen dos parámetros de convivencia que eles ditaban. Agora, aquela pasividade cidadán ante o derrubo dos edificios máis representativos da vila xa non é posible porque a defensa dos intereses e dereitos colectivos son a principal bandeira da maioría de nós. E sabemos que a memoria colectiva precisa de referentes familiares, sociais, sentimentais, culturais e urbanos para perdurar e ofrecerlle a cada individuo unha “Casa común” da que sentirse parte e coa que, dalgún xeito, poida identificarse.

### Compromiso coa cultura

Por fortuna, nos últimos anos, un grupo de carballeses comprometidos coa cultura sen prexuízos e con moito sentido cívico, decidiron tomar as rendas e restaurar ese “espazo cheo de carcoma” para darlle nova vida e liberalo da pátina de falsa nobreza que tiña. Xente sen ataduras que entende que este mundo en cambio social permanente precisa de estruturas abertas e solidarias para se expresar en liberdade. E ese edificio centenario, máis aló do valor arquitectónico que posúa, unido a ese proxecto renovador que se está a desenvolver na actualidade, representan o nacemento dunha nova forma de conciliar a propiedade privada

co servizo público. A mágoa é que á fin será a xustiza quen decida sobre da propiedade do inmoble. E espero que, polo ben de Carballo, acerten na sentenza e non fagan fracasar tantas ilusións de futuro.

Pola miña parte, só dicir que cando vexo a un grupo de cidadáns que desinteresadamente se implican nun proxecto tan inclusivo, social e cultural, como é a Casa común do Novo Casino 1889, sempre me levarán de ganchete.

Saúde e sorte.



## A casa común do Casino de Carballo

## Os edificios deben ser auténticos

**Belén Edreira**

**C**erto é que na vida temos que saber avanzar cos tempos, modernizarnos, evolucionar... de aí esa famosa frase que todos utilizamos algunha vez, “Renovarse o morir”, mais penso que non sempre se utiliza correctamente. Podería valer se falamos da nosa estética, das nosas ideas ou do noso xeito de traballar por exemplo, pero non cando falamos da nosa vila, porque adoitamos confundir o de modernizar con facer desaparecer cousiñas de aquí e de acolá sen xeito nin traza.

E a que vén todo isto? Pois vén a que xa pouco nos queda nesta vila por

conservar, xa arrasaron coa vella igrexa, co antigo concello, coa casa de Chinto... Os negocios de toda a vida foron pechando, xa sabemos que é lei de vida, pero baixar agora pola Gran Vía ou pola Cervantes é para botarse a chorar, semellan rúas dun pobo pantasma.

Outros edificios están no punto de mira, e non imos poder evitar o seu derrube, renovarse ou morrer disque, o que falabamos ao comezo, porque nesta vila o de restaurar non se contempla. Pero quédanos un edificio que si podemos salvar, quédanos o que quizás sexa o máis emblemático de todos, o que carga con máis de un século de historia carballesa nos seus salóns... falo por suposto do Casino. Como

pobo, xa demostramos unha vez que estabamos dispostos a loitar unidos por conservalo, que a nova directiva tiña claro o que realmente significa “renovarse”, que iso nada tiña que ver con deixar que tiren o noso Casino para construír un edificio modernísimo co que catro encherán os seus bolsos.

Renovarse significaba unirse para arranxar o tellado e o ambigú, foi encher o local de actividades; cursos, charlas, proxeccións de documentais e de cine, presentacións literarias, concertos, festas temáticas... etc, etc, etc, nas que todo o pobo ten cabida, porque O Casino1889 somos todos. Permitir que nos quiten isto, sería para min, algo así como arrincarlle o corazón ao pobo, e penso que xa nos quitaron abondo. Imos entregarlles tamén o corazón?

Hai unha cita dun gran e recoñecidísimo arquitecto que nos vén ao pelo, Frank Lloyd Wright dicía algo así como que "os edificios, como as persoas, deben ser auténticos e ademais tan fermosos como sexa posible", e iso é xustamente o camiño que escolleron as persoas encargadas do Casino, conservar a súa beleza, melloralala e desbaldir autenticidade.

Salvemos o Casino!



## O XORNAL DO CASINO

**Casino 1889**

Avda. Vázquez de Parga, nº1  
Carballo

   @Casino1889  
 casino1889@gmail.com  
 645896772

**Sociedade Cultural e Recreativa Bergantiños**

**Presidente:** Víctor Manuel Lorenzo Fernández

**Vicepresidenta:** Laura Torrado Varela

**Secretaria:** Linda Vilariño Mouzo

**Vicesecretaria:** Melina Regueira Varela

**Tesoureira:** Marina Gómez Blanco

**Contable:** Jesús Francisco Serrano López

**Bibliotecario:** Xosé Manoel Rama Edreira

**Vogais:** Olivia Pena Arijón, Carlota Añón Varela, Diego Adrián Soneira Villar,  
Laura Méndez Rodríguez e Antía Suárez.